




Datos Do Expediente:

CONTRATOS MENORES		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - IMG		
Número expediente:	Documento:	Data:
CON/66/2012	CONWI0K0	15-11-2012
0Y4X10055T1T176713V9		
		

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA APERTURA DO "C" QUE CONTEN A DOCUMENTACIÓN COS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES DA CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE LIMPEZA XERAL, MANTEMENTO E CONSERXERÍA DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DA GANDARA

Presidente: D. José M. Blanco Suárez. (Alcalde-Presidente)

Vogais:

Dna. Natalia Hermida Rico (Concelleira Delegada Deportes)

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario Xeral)

D. Manuel G. Antón Villamil (Interventor Accidental)

D. Rafael Flores Veiga (Xerente Padroado de Deportes)

Secretario:

Ignacio Mazaira Garro (Xefe Sección Contratación)

De conformidade co establecido na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiron parte dos representantes dos candidatos participantes nesta licitación.

Sendo las 12.00 horas do día trinta de outubro de dos mil doce, reúnese a Mesa de Contratación formada por los membros que enriba se expresan, para a apertura dos sobres "C" relativos a os criterios avaliados de xeito automático das empresas admitidas á licitación.

Pola presidencia declárase aberta a reunión, procedéndose a tratar os asuntos da orde do día:

2.- APERTURA DOS SOBRES C CORRESPONDENTE Á OFERTA ECONÓMICA

Antes de proceder á apertura dos sobres C o secretario procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, dándose a coñecer o informe de valoración de ofertas

Concluída a lectura procédese á apertura dos sobres C relativos aos criterios avaliados de xeito automático



NARÓN

EMPRESA	OFERTA SEN IVE	IVE	TOTAL	PORCENTAXE BAIXA	MELLORAS
Limpiezas y Servicios Xalo S.L.	253.5232,92	53.178,91	306.411,83	2,02%	10.000,08 €
Valoriza Facilities S.A.U.	257.172,55	54.006,23	311.178,78	0,5 %	21.425,00 €
Limpiezas del Noroeste S.A.U.	492.929,76	103.516,25	596.445,01	4,64 %	10.005,00 €

A oferta presentada por Limpiezas del Noroeste S.A.U., foi admitida ao abeiro do establecido no artigo 84 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por R.D. 1098/2001 de 12 de outubro, dado que é fácilmente deducible que a proposta realizada é polo tempo de duración do contrato, dous anos, e non polo tipo de licitación, un ano.

Rematada a lectura das ofertas económicas, a Presidencia invita aos representantes dos licitadores asistentes ao acto a que manifesten as dúbidas que se lle ofrezan ou aclaracións pertinentes

VALORACIÓN FINAL DAS OFERTAS ADMITIDAS.

A Mesa acorda deixar pendente a valoración final das ofertas admitidas, e non seu caso formular a correspondente proposta de adxudicación nunha vindeira reunión, previa convocatoria realizado ao efecto.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 12 horas e 15 minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente